

---

# ELEXÍA PARA BRAHMS

XOVES 6 NOVENBRO 2025  
Auditorio de Galicia, 20:30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA  
Ruth Reinhardt, directora

CONVERSANDO CON... Ruth Reinhardt  
Sala Mozart, 19:45 h

# HISTORIAS

REAL  
FILHARMONÍA  
DE GALICIA

2025/26  
30 ANIVERSARIO

AUDITORIO DE GALICIA



CONSORCIO DE  
SANTIAGO



GOBIERNO  
DE ESPAÑA



CONSEJO DE  
SANTIAGO



XUNTA  
DE GALICIA



AUDITORIO DE GALICIA



Deputación  
DA CORUÑA



Compostela  
Cultura

# PROGRAMA

## I.

NÚRIA GIMÉNEZ-COMAS (1980)

Envol\*

*\*Encarga da RFG (Proxecto Cometas). Estrea absoluta*

HUBERT PARRY (1848-1918)

Exlexía para Brahms

DETLEV GLANERT (1960)

Idyllium\*\*

*\*\*Estrea en España*

## II.

JOHANNES BRAHMS (1833-1897)

Serenata núm. 2 en La maior, op. 16

*Allegro moderato*

*Scherzo: Vivace*

*Adagio non troppo*

*Quasi menuetto*

*Rondo: Allegro*

Duración aproximada do concerto: 90 minutos (con pausa).

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

# REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde 2023, o seu director titular e artístico e Sebastian Zinca o seu director asistente desde 2024. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

## VIOLÍNS I

James Dahlgren, concertino  
Adriana Winkler, axuda de  
concertino  
Ildiko Oltai  
Yulia Petrushevskaya  
Anna Alexandrova  
Michal Ryczel  
Ilya Fisher  
Victoria Jurov

## VIOLÍNS II

Grigori Nedobora \*  
Nikolay Velikov \*\*  
Kiyoko Ohashi  
Irina Gruia  
Helena Sengelow  
Enrique Roca  
Gyula Vadaszi  
Samira Ajkic

## VIOLAS

Natalia Madison \*  
Ionela Ciobotaru \*\*  
Oxana Bakulina  
Iriana Fernández  
Timur Sadykov  
Josep Ruiz (R)

## VIOLONCELLOS

Barbara Switalska \*  
Millán Abeledo \*\*  
Manuel Lorenzo  
Thomas Piel  
Carlos García  
Fabio Arias

## CONTRABAIXOS

Carlos Méndez \*  
Alfonso Morán \*\*  
Amador Del Pozo

## FRAUTAS

Laurent Blaiteau \*  
Carlos Cascales (R)  
Carmen Bajo \*\*\*

## ÓBOES

Christina Dominik \*  
Esther Viúdez \*\*

## CLARINETES

Beatriz López \*  
Vicente López \*\*

## FAGOTES

Manuel Veiga \*\*  
Daniel Otero (R)  
Marcos Varela \*\*\*

## TROMPAS

Xavier Ramón \*  
Jordi Ortega \*  
Pablo Pazos (R)  
Alberto López \*\*\*

## TROMPETAS

Javier Simó \*  
Ramón Llátser \*\*

## TROMBÓNS

Iago Ríos (R)  
Rita Fernández (R)  
Faustino Núñez (R)

## TUBA

Miguel Franqueiro (R)

## TIMBAL/PERCUSIÓN

José Vicente Faus \*

# RUTH REINHARDT

## DIRECTORA

Ruth Reinhardt é a recentemente nomeada directora musical da Filharmónica de Rhode Island, posto que asumiu na tempada 2025-2026 —a quinta na historia de oitenta anos da orquestra—, exercendo como directora musical designada durante a tempada 2024-2025.

Ao longo da tempada 2024-2025, Reinhardt dirixiu orquestras en catro continentes: Europa, América do Norte, Asia e Sudamérica, facendo o seu debut en Asia coa Filharmónica de Seúl e a Filharmónica de Hong Kong, así como en Sudamérica coa Orquestra Sinfónica do Estado de São Paulo (OSESP). A tempada comeza no Festival de Lucerna, onde dirixirá un programa dedicado ao centenario de Pierre Boulez coa Orquestra Contemporánea do Festival de Lucerna. Ademais, fará o seu debut coas orquestras sinfónicas de Bamberg, Nuremberg, na Beethovenhalle de Bonn, coa Orquestra Filharmónica da Radio dos

Países Baixos e coa Orquestra Residente da Haia, ademais de regresar á Orquestra Sinfónica da Radio de Berlín (RSB) e ás filharmónicas de Estocolmo e Malmö. Nos Estados Unidos, Reinhardt dirixirá a Filharmónica de Rhode Island e fará o seu debut coa Orquestra Sinfónica de St. Louis e coa Orquestra Sinfónica de Charlotte, ademais de regresar ás orquestras sinfónicas de Milwaukee e San Diego.

No ámbito programático, os intereses de Reinhardt lévana a unha exploración profunda do repertorio contemporáneo, guiando o mundo sinfónico e orquestral cara ao século XXI. Cunha orientación centrada nos compositores europeos e cunha especial atención ás compositoras da segunda metade do século XX e comezos do XXI, introduce novos nomes e voces en moitas orquestras. Entre os autores máis presentes nos seus programas atópanse Grażyna Bacewicz, Kaija Saariaho,

Lotta Wennäkoski, Daniel Bjarnason, Dai Fujikura e Thomas Adès. Estes nomes dialogan con clásicos do modernismo como Lutosławski, Bartók, Stravinski ou Hindemith, así como cos grandes do canon sinfónico: Brahms, Rachmaninov e Dvořák.

Nas últimas tempadas, Ruth Reinhardt realizou importantes debuts sinfónicos en América do Norte coa Filharmónica de Nova York, a Orquestra de Cleveland e coas orquestras sinfónicas de San Francisco, Detroit, Houston, Baltimore, Milwaukee e Seattle. En Europa, as súas aparicións non foron menos destacadas: Orquestra Nacional de Francia, Orquestra Sinfónica da Radio de Frankfurt, Orquestra Tonkünstler, Orquestra Filharmónica Real de Estocolmo e Orquestra Sinfónica da Radio de Berlín (RSB), entre outras.

Nacida en Saarbrücken (Alemaña) nunha familia de médicos —os seus pais e a súa irmá son profesionais da medicina—, Reinhardt soubo dende moi nova que a música sería a súa

vocación. Estudou violín e composición, escribindo unha ópera mentres aínda estaba no instituto. Formouse primeiro na Zürcher Hochschule der Künste, onde estudou violín con Rudolf Koelman e dirección con Constantin Trinks e Johannes Schlaefli, e posteriormente na Juilliard School of Music, na clase de dirección de Alan Gilbert e James Ross.

Despois da súa graduación, uniuse á Orquestra Sinfónica de Dallas durante dúas tempadas como directora asistente de Jaap van Zweden, ao tempo que foi Dudamel Fellow da Filharmónica de Los Ángeles. Durante os veráns exerceu como directora asistente da Academia do Festival de Lucerna, baixo a dirección artística de Wolfgang Rihm e Matthias Pintscher. Outras bolsas anteriores inclúen a Orquestra Sinfónica de Seattle (2015-2016), o Centro de Música de Tanglewood (2015) e o programa Taki Concordia Associate Conducting Fellow (2015-2017).

Ruth Reinhardt reside actualmente en Suíza.

# NOTAS AO PROGRAMA

## ELEXÍA PARA BRAHMS

Esta noite a Real Filharmonía homenaxe a un dos grandes compositores de todos os tempos, Johannes Brahms (1833-1897), cun concerto que leva por título o nome dunha das obras que conforman o programa: *Elexía para Brahms*. Xunto a este traballo de Hubert Parry, (1848-1918) escoitaremos unha nova estrea da serie Cometas, *Envol* de Núria Giménez Comas (1980); unha composición que xira en torno á figura do autor xermánico, *Idylium. Metamorphosen nach Brahms* de Detlev Glanert (1960), e unha obra do propio Brahms, a *Serenata núm. 2 en La Maior, Op. 16*.

Nuria Giménez-Comas (1980), natural de Girona, é, segundo a revista musical *Sul Ponticello*, “unha das compositoras do ámbito estatal con máis actividade internacional e cunha traxectoria máis sólida”. Iniciouse na música estudando piano e teoría e posteriormente cursou

a carreira de composición na ES-MUC (Escola Superior de Música de Catalunya) con Christophe Havel e Mauricio Sotelo, proseguindo os seus estudos en Xenebra cun Mestrado en Composición Mixta e noutras institucións de recoñecido prestixio como a Scholss Solitude Academy ou a Voix Nouvelles de Royaumont. Foi galardoada en diferentes concursos como: Concurso Internacional de Composición Eulalio Ferrer de México, Concurso de Composición Coral da EACC (European Association of Choral Conductors), Concurso Internacional de Composición de Bourges, Premio do Colegio de España (París)-INAEM 2012, e o Primeiro Premio do Concurso Internacional Edison-Denisov. Giménez-Comas está moi interesada na composición mixta e nos proxectos interdisciplinarios e colabora con frecuencia con coñecidos artistas e institucións como os recentes encargos do IR-CAM-Centre Pompidou (*Nostalgie*

2175) ou o Gran Teatre del Liceu (*Shadow. Eurydice says*). Tamén cabe destacar a súa faceta como divulgadora e pedagoga, con conferencias e clases maxistras en España, Francia ou Suíza.

A autora describe o seu novo traballo, *Envol*, como: “Unha peza-*haiku* que xira en torno á idea do ímpeto, “envol” ou “levantar o voo” como forza renovadora. Uns acordes potentes iniciais xorden dun fragmento de Guns N’Roses: voz e guitarra eléctrica re orquestrada para orquestra de cámara. Conxuntamente, cun movemento constante de “escape” ou volatilidade, o inicio encarna esa toma de impulso inicial —pulsión creativa, desexo, alegría súbita—. Unha parte máis contemplativa, pero cunha rítmica interna, vai manter ese primeiro impulso e mostrar un lado máis poético onde as pedras van comezar a resoar e repicar.”

Seguidamente, escoitaremos a *Elexía para Brahms* de Hubert Parry (1848-1918), figura crucial para o renacemento da música

propriadamente inglesa no s. XIX. A produción autóctona quedara un pouco estancada dende a morte de Purcell en 1695 e sería Parry xunto con Charles Villiers Stanford os que impulsarían un florecemento que se asentou definitivamente con Edward Elgar. Parry naceu o 27 de febreiro de 1848 en Bournemouth (Reino Unido) e o seu estilo compositivo está moi vencellado estilisticamente con Johannes Brahms dentro do que poderíamos considerar un romanticismo tardío. No seu catálogo destacan as súas sinfonías e oratorios que influirían en compositores ingleses posteriores. Así mesmo, desenvolveu unha intensa carreira como musicólogo, con importantes investigacións sobre Johann Sebastian Bach. A obra que hoxe nos ocupa, *Elexía para Brahms*, é unha peza orquestral breve (algo máis de dez minutos) que o compositor escribe trala morte de Brahms en Viena o 3 de abril de 1897. Trátase dunha especie de memorial íntimo que fixo para un dos seus principais referentes estilísticos, posto que non se deu a coñecer en público ata despois da

morte do seu autor en 1918, nun concerto no Royal College of Music de Londres, dirixido por Charles Villiers Stanford.

A continuación, *Idylium. Metamorphosen nach Brahms* de Detlev Glanert (1960), compositor xermánico nado en Hamburgo e especialmente coñecido no campo da ópera, aínda que tamén escribiu interesantes obras orquestrais e de música de cámara. Iniciou a súa formación musical co estudo do seu instrumento, a trompeta, e anos máis tarde comezou coa composición, sendo un dos seus principais mestres Hans Werner Henze. Glanert conta no seu haber con prestixiosos galardóns como o premio Rolf Liebermann (1993) por *Der Spiegel des grossen Kaisers* ou o Premio do Teatro Bávaro (2001) por *Scherz, Satire, Ironie und tiefer Bedeutung*. Outras obras destacadas súas son: a ópera *Oceane* (2016-18), *Vier Präludien und Ernste Gesänge*, para baixo e orquestra e baseada en Brahms, *Theatrum bestiarum* (2004-05) para orquestra ou a peza camerística *Mahler/Skiz-*

*ze* (1989). *Idylium* foi un encargo da Orquestra do Real Concertgebouw de Ámsterdam e estreouse o 23 de agosto de 2019 na súa sede pola orquestra nova desta institución dirixida por Pablo Heras-Casado. A obra é unha homenaxe á segunda sinfonía de Brahms e únese a outra serie de traballos nos que Glanert fai reflexións compositivas sobre as sinfonías do autor romántico. Neste caso, escoitaremos “micropartículas” do material orixinal de Brahms que son mesturadas con pasaxes dramáticas máis movidas conformando unha especie de comentario musical. A interpretación que realizará a Real Filharmonía esta noite é a primeira desta obra en España.

Finalmente, chega o momento do gran protagonista desta noite: Johannes Brahms (1833-1897), o compositor máis destacado da súa época en todos os campos musicais, a excepción da ópera. O autor naceu en Hamburgo no seo dunha familia humilde e de neno estudou piano, violonchelo e trompa. Sendo aínda bastante novo comezou a gañar a vida para aportar á escasa

economía familiar, tocando en restaurantes e tabernas onde entrou en contacto coa música popular e folclórica que incorporaría ao seu estilo. O ano 1853 foi moi importante na súa vida, xa que coñeceu ao violinista Joseph Joachim e ao matrimonio Schumann (Robert e Clara), persoas que o apoiaron e cos que estableceu unha gran amizade (no caso de Clara, cóméntase que máis ben un namoramento platónico). Ao longo da súa carreira traballou como pianista, director e editor de partituras. Morreu en 1897 a consecuencia dun cancro e foi soterrado no Cemiterio de Viena moi preto de Schubert e Beeethoven. O seu estilo compositivo é único e persoal, combinando elementos propios, trazos clásicos e tamén, como xa comentamos, elementos do folclore, especialmente da música dos xitanos húngaros. Aínda que foi tratado como conservador, Brahms pode considerarse un pioneiro, xa que introduciu novidades dentro de formas tradicionais e desenvolveu técnicas que influirían en compositores posteriores como Mahler, Strauss ou Schönberg.

Dentro do seu catálogo destacan: catro sinfonías, dous concertos para piano e un para violín, abundante música de cámara, 200 *Lieder* ou o seu famoso *Requiem alemán*. A *Serenata* núm. 2 en *La Maior*, Op. 16 foi composta entre 1858 e 1859 e estreada en 1860, baixo a dirección do seu autor. Tanto esta obra como a primeira serenata de Brahms son unha homenaxe aos divertimentos e serenatas do s. XVIII, concibidas como música de entretemento social, e que volverán estar de moda con algúns románticos como *Dvořák* e *Chaikovski*. A súa orquestración con 2 frautas, 2 óboes, 2 clarinetes, 2 fagots, 2 trompas, violas, violonchelos e contrabaixos é ben particular, posto que como se pode observar, prescinde dos violíns (como tamén fará anos despois no inicio do *Requiem alemán*), aportando unha sonoridade cálida e orixinal. Trátase en xeral dunha obra de fácil escoita, con agradables melodías e ritmos animados e está estruturada en 5 movementos: *Allegro moderato*, *Scherzo*, *Adagio ma non troppo*, *Quasi minuetto*, e *Finale*. O move-

mento inicial ten un carácter delicado e lírico e o seu primeiro tema está presentado polos ventos en acordes, con algunhas entradas en imitación. Logo apareceran outras dúas ideas musicais dentro dunha construción claramente contrapuntística. A continuación, o primeiro dos *scherzos* coa estrutura habitual en tres partes (scherzo-trío-scherzo), onde se deixa ver a pegada da música popular húngara. O movemento central, *Adagio*, no que algúns autores atopan reminiscencias da *Pasacaglia para órgano* de Bach e que parece que era o preferido da súa amiga Clara Schumann, supón un punto de inflexión dentro da obra polo seu carácter grave e sombrío. Comeza coas cordas en oitavas presentando un tema dunha gran sobriedade que estará presente ao longo de toda a peza ben na liña do baixo ou na parte superior. Ao longo do movemento, Brahms elabora e transforma os temas que vai presentando, no que é unha das marcas da súa pluma. Novamente, o cuarto, *Quasi minuetto* responde a un esquema tripartito, cun trío central no que destaca un diálogo

entre as madeiras e os pizzicatos da corda, flanqueado polas dúas seccións repetidas. A obra finaliza cun rondó, no que escoitaremos un tema recorrente que alterna con outros motivos, e que presenta un carácter danzante e ledó.

En suma: catro obras que conforman un relato arredor dunha das tres famosas “B” da música xermánica, Johannes Brahms (xunto con Bach e Beethoven). Un programa variado, con música actual e outra de tradición, para achegarnos a un dos grandes da Historia da Música occidental.

Carme Tubío Barreira



---

PRÓXIMO CONCERTO

## A FAMILIA SCHUMANN

XOVES 13 NOVENBRO

Auditorio de Galicia, 20:30 h

Baldur Brönnimann, director

---

### AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo  
das Nacións, s/n  
15705 Santiago  
de Compostela

### DESPACHO DE BILLETES

981 571 026 | 981 573 979  
981 542 462

### OFICINAS

981 552 290 | 981 574 152

[rfgalicia.org](http://rfgalicia.org)

[compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal)

### INSTAGRAM

[@realfilharmoniadegalicia](https://www.instagram.com/realfilharmoniadegalicia)

[@compostelacultura](https://www.instagram.com/compostelacultura)

### FACEBOOK

[RealFilharmoniadeGalicia](https://www.facebook.com/RealFilharmoniadeGalicia)

[CompostelaCultura](https://www.facebook.com/CompostelaCultura)

### X

[@CCultura](https://www.x.com/CCultura)

### TIKTOK

[@realfilharmoniadegalicia](https://www.tiktok.com/@realfilharmoniadegalicia)

**REAL  
FILHARMONÍA  
DE GALICIA**

**2025/26**  
30 ANIVERSARIO

**AUDITORIO DE GALICIA**

